

CONCURSO

*Fotografa os teus recursos
mineiros e enerxéticos
Enfoca_rme 2022*



- 1.º premio: 300 € + diploma
2.º premio: 150 € + diploma

Envía as túas fotografías ata
o 07 de novembro de 2022

Máis información:
minaseenerxia.uvigo.es

CONCURSO

Fotografa os teus recursos
mineiros e enerxéticos
Enfoca_rme 2022



- 1.º premio: 300 € + diploma
2.º premio: 150 € + diploma
Envía as túas fotografías ata o **07 de novembro de 2022**
Mais información: minaseenerxia.uvigo.es

Universidade de Vigo

Enfocar_rme 2022

As saídas profesionais do/as noso/as titulado/as son: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rocas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc...

Bases de participación

1.º A temática do concurso de fotografía Enfoca_rme 2022 son os recursos mineiros e enerxéticos: **xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e de rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliacón de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos** etc.

2.º Admítense traballos tanto en **branco e negro** como en **cor** realizados mediante calquera técnica fotográfica.

3.º Admitiranse un máximo de tres **obras orixinais** por autor/a, aínda que soamente unha delas poderá ser premiada.

4.º As fotografías enviaranse en formato dixital.

5.º Cada fotografía terá o título da obra como nome do arquivo.

6.º As fotografías poderanxe enviar en formato dixital a eme@uvigo.gal ou a través dun programa de transferencia de arquivos a eme@uvigo.gal. No email indicarase: título da obra e autor/a.

7.º A data límite de recepción de fotos será o **07 de novembro de 2022**, ás **20.00** horas. Calquera fotografía recibida despois desta data non poderá participar neste concurso.

8.º As fotografías gañadoras imprimiranse e expoñeranxe temporalmente no vestíbulo da EME xunto coas do resto de participantes. No caso de existir un número de fotografías tan elevado que non se permitise a súa completa exposición por motivos de espazo, o xurado do concurso encargarase de seleccionar un número apropriado.

9.º As fotografías presentadas ao concurso pasarán a ser **propiedade exclusiva da EME**, e non as poderá utilizar o autor/a noutras concursos ou publicacións. A EME poderá usalas para o que consideren oportuno. Nese caso, as fotografías utilizadas presentarán sempre unha referencia á súa autoría.

10.º A EME non se responsabiliza da **incorrecta manipulación** do material enviado por persoas alleas a esta institución ou por extravío do correo.

11.º A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.

Resolución do concurso

1.º O **xurado** estará formado por un fotógrafo/a profesional, un/unha docente do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, un/unha docente de Grao en Enxeñaría da Enerxía, un membro do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo e dous representantes do alumnado (un por cada grao impartido na EME).

2.º O **fallo do xurado** publicarase na sección do concurso na páxina web da EME (minaseenerxia.uvigo.es) o día **30 de novembro de 2022**.

3.º A entrega de premios e o acto de inauguración da exposición temporal das fotografías terá lugar durante a celebración de Santa Bárbara, na primeira semana de decembro de 2022, a última hora da mañá, no vestíbulo da EME.

4.º O concurso fotográfico Enfoca_rme 2022 poderá anularse se non se presentan un mínimo de fotografías.

5.º O xurado rexeitará as fotografías que non cumpran o especificado nestas bases.

Premios

Os premios do concurso serán os seguintes:

Categoría sénior (maiores de 16 anos)

- **Primer premio:** 300 € + diploma
- **Segundo premio:** 150 € + diploma

Categoría júnior (menores de 16 anos)

- **Primer premio:** 150 € + diploma

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Os premios estarán suxeitos á retención da porcentaxe de IRPF que corresponda.

Mais información

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Campus universitario
36310 Vigo

Tel.: 986 814 077
eme@uvigo.gal